

## ***Amputar, segar, limpar e purificar: a depuración do maxisterio durante o franquismo***

### ***Amputating, Cropping Cleansing and Purifying: The Purge of Primary Schoolteachers during the Franco Regime***

*M.<sup>a</sup> del Carmen AGULLÓ DÍAZ  
Universitat de València*

RESUMO: A ditadura franquista, desexando deslexitimar as políticas educativas republicanas, converteu o maxisterio primario en obxectivo prioritario da súa acción represiva, para o que articulou unha tupida rede de mecanismos destinados a purgalo e esixir responsabilidades. A depuración, co seu duplo carácter punitivo e preventivo, tivo o seu inicio de xeito inmediato ao golpe militar e durou ata a finalización da ditadura. Na primeira parte do artigo trazaremos as liñas xerais dos fundamentos ideolóxicos e legais da depuración, e exporemos as súas fases e os mecanismos utilizados. Na segunda, tras unha revisión das publicacións máis recentes, tentaremos un balance do estado da cuestión, detallando as porcentaxes de persoas sancionadas das provincias analizadas e mais a incidencia das variables territoriais, de xénero e de renovación pedagóxica, así como algúns datos sobre o alcance da represión física do maxisterio. Concluimos reafirmando o carácter político e a arbitrariedade e indiscriminación do proceso depurativo.

PALABRAS CHAVE: depuración, franquismo, represión, maxisterio, memoria historico-educativa.

ABSTRACT: In its effort to discredit the education policy established under the Republic, the Franco regime focussed on the primary teaching profession as the main target of its repressive actions. The regime designed a complex network of mechanisms to carry out the purge and demand accountability. The purge, whose purpose was twofold –punitive and preventive- began immediately after the military coup and lasted until the end of the dictatorship. The first part of the article offers a broad outline of the ideological principles and legal basis of the purge and describes the different stages and the mechanisms used. In the second part, after a review of the recent publications, the article takes stock of the issue, specifying the percentage of people who were sanctioned in the provinces under study as well as the effect of variables related to territory, gender, and pedagogical renewal. Data are also provided on the scope of the physical repression of schoolteachers. The conclusion confirms the political nature of the purge, which was carried out arbitrarily and indiscriminately.

KEY WORDS: purge, the Franco regime, repression, historical-educational memory

## Violencia política e dereito á memoria

O maxisterio republicano, “as luces de República” das que falaba Manuel Rivas,<sup>1</sup> erixíase como un perigo para a lexitimación dun réxime, o franquista, cuxas bases radicaban na violencia e a irracionalidade.

Fronte á educación republicana, definida na Constitución como pública, unificada, laica, activa, bilingüe e solidaria, os ideais do nacional-catolicismo resumíanse na “escola do non”, caracterizada pola subsidiariedade do Estado respecto da Igrexa católica, a metodoloxía pasiva e repetitiva, a confesionalidade católica, a imposición do castelán como lingua única e unha metodoloxía baseada na competitividade, os premios e, sobre todo, os castigos. Unha “nova” escola que había que lexitimar borrando da memoria individual e colectiva os ideais cualificados como revolucionarios e estranxeirizantes do período anterior.

Desde o mesmo 18 de xullo de 1936, o Novo Réxime fixo visible a súa necesidade de deslexitimar as ideas e as prácticas educativas republicanas e, en especial, as persoas que as encarnaban: os mestres e as mestras.<sup>2</sup> Como detallaba nunha das primeiras medidas lexislativas destinadas á súa depuración, había que “extirpar de raíz esas falsas doutrinas que con sus apóstoles han sido los principales factores de la trágica situación a que fue llevada nuestra Patria”<sup>3</sup>.

Para conseguilo, iniciáronse diferentes procesos represivos. Uns, de carácter físico, –fusilamentos, “paseos”, encarceramentos– foron comúns a todos os sectores da poboación. A eles engadíronselles outros máis específicos, destinados á depuración do funcionariado que se exerceron sobre os membros dos aparatos do Estado, entre os que se atopaba o profesorado, en todos os seus graos.

A depuración posuía un duplo carácter: punitivo e preventivo. Había que castigar as persoas que manifestaran condutas e ideoloxías disidentes e, ao mesmo tempo, a sanción debía ser exemplarizante, disuadindo os posibles imitadores, afastándoos da realización de condutas semellantes. Coas ditas sancións garantíase “que no se volverá a tolerar, ni menos a proteger y subvencionar a los envenenadores del alma popular, primeros y mayores responsables de todos los crímenes y destrucciones que sobrecogen al mundo y han sembrado de duelo la mayoría de los hogares honrados de España”.<sup>4</sup> Para conseguir este obxectivo, conferíuselle un carácter purificador que tentaba eliminar de forma radical aqueles docentes portadores de ideas revolucionarias, entendidas por tales non só as de carácter político, senón aquelas que tentasen subverter a xerarquía dos valores morais.<sup>5</sup>

---

<sup>1</sup> Manuel Rivas, “A lingua das bolboretas”, en *Que me queres, amor?* (Vigo: Galaxia, 1995), 30.

<sup>2</sup> Juan Manuel Fernández Soria, *Educación, socialización y legitimación política (España 1931-1970)* (Valencia: Tirant lo Blanc, 1998).

<sup>3</sup> Preámbulo do Decreto do 8/11/1936 (BOE, 11/11/1936).

<sup>4</sup> Circular do 7 de decembro (BOE, 10/12/1936).

<sup>5</sup> Leonardo Borque López, *La represión violenta contra los maestros republicanos en Asturias* (Oviedo: KRK, 2010), 216.

A depuración do maxisterio enténdese, desta maneira, como unha manifestación da violencia política, exercida desde o Estado. Violencia que se convertería en base do franquismo no período bélico, mais tamén durante os corenta anos de duración da “longa noite de pedra”, e que, na súa vertente depuradora, se sustentará nunha ordenación xurídica cada vez máis complexa e sutil, destinada a separar do maxisterio a todas aquelas persoas incapaces de encarnaren os ideais do novo mestre “bo católico e bo español”,<sup>6</sup> pero tamén a conservar aquelas susceptibles de se retractaren e asumiren unha nova aprendizaxe pedagóxica.<sup>7</sup>

Unha política de vinganza e represión que fai imprescindible o estudo dos seus mecanismos de funcionamento para reconstruír as nosas memorias pedagóxicas e sociais, e poder combater tanto as mentiras como o silencio que se impuxo sobre os seus protagonistas, para os incorporar, como é de xustiza, á nosa memoria histórico-educativa.

### “Amputar, segar, limpar e purificar”<sup>8</sup>: os procesos de depuración do maxisterio

Establecida a intencionalidade sancionadora e disuasoria do proceso depurativo do maxisterio, cabe destacar a inmediatez do seu inicio. Aínda que se adoita situar nunha data tan temperá como o 19 de agosto de 1936, cando se promulga pola Xunta de Defensa Nacional a orde que será a primeira medida legislativa de carácter xeral para todos os territorios que ían caendo en zona nacional, a depuración deu comezo con anterioridade, de maneira que dalgúns mestres e mestras se fixo pública a súa sanción mesmo antes desa data.

No transcurso do primeiro mes posterior ao golpe militar, promulgáronse ordes sen conexión, emanadas de organismos diversos, sen seguiren criterios uniformes, máis aló da necesidade manifesta e manifestada de destituír os docentes considerados de esquerdas. A elaboración das que serían as primeiras listaxes en que se relacionaban os nomes e apelidos daqueles membros do maxisterio que debían ser destituídos de maneira inmediata, foi encomendada aos gobernos militares e civís.<sup>9</sup>

<sup>6</sup> “Para ser un buen maestro se necesita en primer lugar ser un buen católico, en segundo, ser buen español y en tercero saber enseñar”. Declaracións do mestre Vicente García Llácer, membro da Comisión Depuradora do Maxisterio 1 de Valencia ao diario *Levante*, 10/02/1954.

<sup>7</sup> Juan Manuel Fernández Soria e M.ª del Carmen Agulló Díaz, “Un nuevo aprendizaje pedagógico del Magisterio de postguerra”, en *La formación inicial i permanent dels Mestres. Actes de les XIII Jornades d’Història de l’educació als Països Catalans* (Vic: Eumo Editorial, 1997), 401-411.

<sup>8</sup> José Ibáñez Martín, *Hacia un nuevo orden universitario* (Valladolid, 1940), 9-10.

<sup>9</sup> Os gobernos civís e militares e as comandancias de Garda civil recibiron o 22 de agosto de 1936 unha orde do xeneral xefe da VIIª División Orgánica en que se establecía que debían enviar unha relación dos mestres que tivesen filiación de esquerdas, que quedarían destituídos e serían obxecto de accións penais, civís ou administrativas; a mesma información era solicitada aos párrocos. Juan Carlos Vázquez Calvo e Santiago García Jiménez, *La depuración de la Enseñanza Primaria en la provincia de Cáceres, 1936-1944. El personal docente, la administración educativa y la organización escolar* (Cáceres: Institución Cultural el Brocense-Excm. Diputación Provincial de Cáceres, 2008), 40.

Foron unhas medidas provisórias de gran dureza que se adelantaron e, en boa medida, se sobrepuxeron ás educativas. Serían as autoridades militares ou gubernativas (gobernador civil) as que se ocuparían da depuración practicamente ata setembro do mesmo ano, cando comezaron a facerse efectivas as medidas que seguían a lexislación punitiva xurdida dos organismos dependentes do Novo Estado.

No mes de agosto, a denominada Junta de Defensa Nacional (JDN) comeza a promulgar a lexislación que marcará o tortuoso camiño represivo que non terá a súa fin ata 40 eternos anos despois, xa que algúns sancionados, tras unha longa sucesión de recursos e resolucións, non recuperarían a súa condición de funcionarios ata 1975. Conseguíase, así, o desexo declarado do lexislador de purificación do maxisterio, amputando os membros considerados capaces de gangrenaren a sociedade.

Neste longo período de corenta anos, após estas medidas iniciais de urxencia e previas á depuración sistematizada, poden distinguirse dúas etapas. A primeira, comprendida entre a citada Orde do 19/08/1936 e a Lei do 10/02/1939, abarcaría o conxunto de leis, decretos, ordes e circulares que se emitiron durante o período bélico. Nela situaríanse os procesos que afectaron o maxisterio en zona “nacional” desde o primeiro momento e mais aqueles que foron incorporándose segundo os avatares da guerra.

A segunda situaríamola entre a mencionada Lei do 10/02/1939, que regula de novo, agora de xeito definitivo, a normativa para a depuración de todos os funcionarios, e o Decreto do 10 de novembro de 1966, que declaraba a extinción definitiva de responsabilidades políticas. No seu transcurso depuraríase o maxisterio das provincias que permaneceron republicanas ata o final da guerra e dilucidaríanse recursos de sancionados anteriores.

A depuración do maxisterio en Galicia produciríase, maioritariamente, antes e durante a primeira etapa, polo que tentaremos explicar as súas características.

Inmediatamente despois do 18 de xullo comezou, como indicamos, a actuación dos gobernos militares –dos que dependía a Delegación Militar de Instrución Pública– e dos gobernos civís, que impuxeron as primeiras sancións, con base en informes de diversa procedencia e actuando cunha gran rigorosidade.

Así, en Segovia, con data do 14/08/1936, o gobernador civil, delegado da autoridade militar, publicaba unha circular no boletín oficial da provincia para dar a coñecer que o comandante militar da praza cesara a todas as persoas sospeitosas de esquerdismo ou que estiveran detidas, e o 13/08/1936 publicaba unha outra circular pola que suspendía das súas funcións 74 mestres acusados de “pertencer o haber pertencido a la asociación marxista titulada Trabajadores de la Enseñanza, cesando en fin de julio último”.<sup>10</sup>

---

<sup>10</sup> A esta listaxe sucederon outras que foron publicadas os días 26 e 31 de agosto e 4, 7 e 18 de setembro de 1936. Carlos de Dueñas Díez e Lola Grimau Martínez, *La represión franquista de la enseñanza en Segovia* (Valladolid: Ámbito, 2004), 23-24. Os autores tamén dan conta do inicio do proceso depurativo en León polo gobernador civil quen, con data do 13 agosto, publica os primeiros cesamentos (p. 73).

En Huelva, os primeiros cesamentos publicáanse entre o 27 e o 30 de agosto de 1936, asinados pola autoridade militar provincial, aínda que os trámites foran iniciados tanto pola Comandancia Militar como pola Xunta Provincial de Ensino Primario, os alcaldes, o gobernador civil ou a xefatura de Inspección.<sup>11</sup>

Pola súa banda, en setembro de 1936, o comandante militar da provincia de Santa Cruz de Tenerife ordenou a creación dunha comisión depuradora do maxisterio que funcionou ata a creación das comisións depuradoras provinciais e que, durante tres meses, expedientou a todos os mestres tinerfeños publicando as súas resolucións no BOP de Tenerife.<sup>12</sup>

Publicadas estas primeiras listaxes, o proceso comezou a organizarse a partir da Orde do 19/08/1936 (BOJDNE, 21/08/1936), que encomendaba aos reitores universitarios as funcións depuradoras sobre o corpo de Maxisterio. Na dita orde, a Xunta de Defensa, organismo militar, dispón que os alcaldes emitan un informe, dirixido aos reitores do distrito universitario correspondente, sobre a conduta e actividades dos mestres e mestras da súa poboación durante a etapa republicana e a súa actitude ante o Alzamento Nacional. A partir del, o reitor tomaba unha decisión e impuña a única sanción posible, a separación do servizo, que se facía efectiva antes do comezo do novo curso escolar 1936-1937.

O criterio para sancionar era simple, pero sintetizaba os cargos que, con posterioridade, se explicitarán detidamente: “ideario perturbador de las conciencias infantiles, así en el aspecto patriótico como moral (...), toda manifestación de debilidad u orientación opuesta a la sana y patriótica actitud del Ejército y pueblo español, que siente a España grande y única, desligada de conceptos antiespañolistas que sólo conducen a la barbarie”. Cargos de carácter político –entre os que se destacan os de carácter nacionalista relacionados con separatismo– e relixiosos. As bases ideolóxicas de todo o proceso depurativo están postas.

As listaxes cos mestres e mestras que debían ser substituídos foron publicadas no boletín da provincia correspondente, normalmente entre os meses de setembro e outubro. Tratábase dun procedemento rápido, que só decidía entre a separación ou continuidade no cargo; non posibilitaba defensa ningunha por parte do mestre acusado, nin a presentación de alegacións. Os problemas causados pola aplicación dunha única e contundente sanción, fixeron que o 19/09/1936 se publicase unha circular en que se establecían tres categorías de cargos e as súas correspondentes sancións:

Primero. Los Maestros cuyos informes sean totalmente desfavorables por sus actuaciones anteriores, no sólo en su aspecto perturbador de las conciencias infantiles, sino por su conducta

<sup>11</sup> Manuel Reyes Santana e José Juan de Paz Sánchez, *La represión del magisterio republicano en la provincia de Huelva* (Huelva: Diputación Provincial de Huelva 2009), 13

<sup>12</sup> As listaxes foron publicadas os días 18 e 23 de setembro, 9 de novembro e 9 de decembro de 1936. En José M.<sup>º</sup> Hernández Hernández, “La represión franquista sobre los maestros en la provincia de Santa Cruz de Tenerife”, *Revista Periferia*, nº 4 (1989): 93-105.

amoral o antipatriótica, serán inmediatamente suspendidos de empleo y sueldo y se publicará en los *Boletines Oficiales* de la provincia respectiva.

Segundo. Maestros de conducta no bien definida en el informe de los Alcaldes o que por organizaciones o personalidades solventes fueren de actuación dudosa. Los Rectores consultarán a cuantos organismos o personalidades crean pueden aclarar las dudas. Si de los datos recibidos, merecieren ser incluidos en el apartado primero, quedarán suspensos de empleo y sueldo. Si no resultaren acreedores a esta medida radical, pero por su indiferencia en cultivar las inteligencias, conducta discutible, abandono de sus servicios, etcétera, apreciaren los Rectores que merecen alguna sanción de menor importancia, los suspenderán de uno a tres meses de empleo y sueldo o hasta seis meses de empleo y medio sueldo.

Tercero. Maestros cuyos informes dados por los Alcaldes fueren favorables y no hubieren llegado a los Rectorados otros desfavorables emitidos por organizaciones de solvencia moral y patriótica, quedan ratificados en sus cargos. Los Rectores, en estos casos, se asesorarán de la Junta de Decanos.<sup>13</sup>

Nesta circular vai cobrando importancia a implicación das institucións educativas na depuración, en detrimento das militares e gubernativas. Non esquezamos que os devanditos organismos xa foran depurados, polo que tanto a Inspección educativa, como os reitores ou decanos das facultades debían ser persoas de probada fidelidade ao Movemento Nacional.

Cabe mencionar a singularidade do maxisterio de Mallorca. Ao estar a Reitoría da universidade situada en Barcelona, leal á República, non podía facerse cargo da depuración, polo que neste territorio non se aplicou a Orde do 19/08/1936 en que se facía referencia á facultade sancionadora do reitor. No seu lugar, mediante unha circular do gobernador civil do 1/08/1936 obrigouse a todo o maxisterio a informar da súa situación e mostrar publicamente a súa adhesión ao Movemento Nacional, e foi o 13 de agosto cando se lle remitiron á Comandancia Militar de Baleares as primeiras listaxes de quen prestara o xuramento; o 19 de setembro constituíuse o primeiro tribunal depurador.<sup>14</sup>

Coa desaparición da Junta de Defensa Nacional (29/09/1936) o proceso é reconducido desde as reitorías a un organismo oficial, a Junta Técnica do Estado (Decreto do 1/10/1936, BOE, 2/10/1936), en concreto á Comisión de Cultura e Ensino, encargada da aplicación do Decreto do 8/11/1936 (BOE, 11/11/1936), que se pode considerar, xunto coa Orde do 10 de novembro, os dous procedementos lexislativos que van organizar e regular o proceso sistemático da depuración.

A orde de novembro creaba catro comisións depuratoras no ámbito educativo. A *A* e a *B* eran de carácter estatal, mentres que da *C* e da *D* –encargada do maxisterio primario–

---

<sup>13</sup> Circular asinada por Federico Montaner Canet, secretario da Xunta (BOJDNE, 19/09/1936).

<sup>14</sup> Joana Estelrich Blanch, "Els inicis de la repressió al magisteri balear", Pissarra. *Revista periòdica d'informació de l'ensenyament de les Illes Balears*. nº 117 (2004): 6. Ver tamén Santiago Miró, *Maestros depurados en Baleares durante la guerra civil* (Palma de Mallorca: Lleonard Munaner, 1998).

se constituiría unha en cada provincia;<sup>15</sup> tamén establecía o procedemento que cumpría seguir e as sancións correspondentes, así como a súa resolución nun prazo de tres meses.

Debe lembrarse que nestes primeiros seis meses, mentres se realizaba a depuración inmediata polo reitor e se emitían as primeiras sancións pola Comisión, de maneira paralela sucedíanse os fusilamentos, os “paseos”, encarceramentos e exilios dos mestres, polo que a acción depuradora debía sumarse á represiva de carácter xeral, de maneira que houbo mestres que xa foran executados ou se exiliaron cando se comezaron a abrir os seus expedientes de depuración.

Finalizando o primeiro ano de guerra, na Circular do 7 do decembro (BOE, 10/12/1936) José M.<sup>a</sup> Pemán, presidente da Comisión de Cultura e Ensino, dirixiuse aos vogais das diferentes comisións depuratoras para definir a depuración como “sacra misión” e lembrando que debían ser separados do servizo aqueles mestres que “han contribuído a sostener y propagar a los Partidos, ideario o instituciones del llamado ‘Frente Popular’”, que non son outra cousa que “los hijos espirituales de catedráticos y profesores que, a través de instituciones como la llamada ‘Libre de Enseñanza’, forjaron generaciones incrédulas y anárquicas”.

O proceso depurador vai alcanzando unha progresiva complexidade e precisión por mor das distintas normas, como a Orde do 17/02/1937 (BOE, 27/02/1937) que diversificaba e aumentaba as propostas de sancións, engadindo a suspensión de emprego e soldo dun mes a dous anos, a xubilación forzosa –para as persoas que tiñan un mínimo de vinte anos de servizo– e a inhabilitación para exercer cargos directivos e de confianza.<sup>16</sup>

A burocracia ía aumentando de xeito alarmante, co que se producía o incumprimento manifesto do prazo de tres meses para resolver os expedientes. Esta circunstancia, unida a un desexo de maior centralización por parte do Estado, fixo que o Ministerio de Educación Nacional se encargase do proceso e lles outorgase un peso cada vez maior ás decisións do organismo central e menor autonomía ás propias comisións provinciais. Entre os documentos lexislativos que fortalecerán esta centralización cabe citar a Orde do 11/03/1938 (BOE, 19/03/1938) pola que se creou a Oficina Técnico-Administrativa de Depuración, encargada da tramitación dos expedientes e das incidencias procedentes das comisións depuratoras e dos recursos presentados polas persoas sancionadas, ás que se lles abría esta posibilidade; e a Orde do 18 de xaneiro de 1939 (BOE, 3/2/1939) pola que se dispuña que as comisións depuratoras tiñan que presentar ante o Ministerio, no

<sup>15</sup> A Comisión A encargábase do persoal das Universidades; a B do profesorado das escolas de Arquitectura e Enxeñaría, a C do persoal dos institutos de Segunda Ensinanza, escolas de Maxisterio, escolas de Comercio, escolas de Artes e Oficios, escolas de Traballo, inspeccións de Primeira Ensinanza e de todo aquel persoal do Ministerio de Instrución Pública non incluído en calquera das restantes comisións depuratoras.

<sup>16</sup> A depuración do Maxisterio estendeuse aos estudantes normalistas, aos que se ordenou a instrución de expediente de depuración (Orde 29/04/1937) e, con posterioridade, aos mestres de fundacións benéfico-docentes (21/07/1937), aos de colexios privados (14/05/1937) e aos interinos, substitutos, excedentes e titulados en exercicio, é dicir, a todas aquelas persoas capacitadas para exercer en nunha escola.

prazo de vinte días, a relación nominal dos funcionarios sancionados, co informe de cada un deles e a proposta de mantemento, modificación ou anulación das medidas provisorias.

A que denominamos segunda etapa do proceso depurador facémola coincidir coa promulgación da Lei do 10 de febreiro de 1939 (BOE, 14/02/1939), que refundirá e regulará de maneira definitiva a normativa para a depuración dos funcionarios, e se aplicaría “a todos los territorios ocupados por el ejército sublevado, los territorios liberados recientemente y en los que se vayan Liberando”. Nela obrigábase a todos os funcionarios a presentaren no prazo de oito días unha declaración xurada con información de carácter profesional e político. Tamén se investigaba sobre destinos ou ascensos que puidesen deberse á simpatía cos republicanos, e pedíase que achegasen testemuños e documentos que puidesen avalar as súas afirmacións. Os mestres e as mestras “quedarán suspensos en sus cargos hasta que se apruebe su readmisión, o hasta que termine el expediente”. Tamén especifica as causas para a imposición de sancións e a súa tipoloxía<sup>17</sup> e aclara que as sancións impostas antes da súa promulgación poderían ser revisadas pola Administración, de acordo coas normas que nesta norma se establecían.

Rapidamente o Ministerio publica a Orde do 18/03/1939 (BOE, 23/03/1939) pola que se mantiñan as sancións que se dítaran e as comisións depuradoras provinciais. A novidade radica na creación da Comisión Superior Ditaminadora, que tería ao seu cargo o exame de todos os expedientes de depuración incoados polas comisións depuradoras e que tería que propor ao Ministerio unha resolución, para o que podía solicitar informes complementarios, ou devolver o expediente ás comisións provinciais se o consideraba incompleto. A Oficina Técnico-Administrativa do Ministerio continuará funcionando, pero non formulará propostas e pasará a depender directamente desta comisión superior.

Finalizando o ano, promúlgase a Orde do 2 de novembro (BOE, 8/11/1939) pola que se varía o número de vogais das comisións de depuración para incorporar dous representantes da Falanxe, o cal reforzaba o peso dos falanxistas.

En 1942 o MEN considera finalizada a tarefa depuradora porque a práctica totalidade dos expedientes están resoltos. Procédese a disolver a Comisión Superior Ditaminadora (Orde do 30/01/1942; BOE, 10/02/1942), que se substitúe por un xuíz superior de Revisións, quen ditamará os expedientes de depuración incoados polas comisións sobre os que aínda non recaera xuízo. As comisións de depuración provinciais subsistiron mentres foron necesarias.

Os recursos e as peticións de revisión de expediente prolongáronse ata o final do franquismo, cando o Decreto do 10 de novembro de 1966, “de indulto para extinción definitiva de responsabilidades políticas” (BOE, 12/11/1966) puxo teoricamente final ao proceso.<sup>18</sup>

---

<sup>17</sup> As sancións que se poderán impor son: traslado forzoso, coa prohibición de solicitar vacantes entre un e cinco anos; “postergación” desde un ata cinco anos; inhabilitación para exercer cargos directivos ou de confianza; e separación definitiva do servizo. As tres primeiras poderanse aplicar illada ou conxuntamente.

<sup>18</sup> Esta circunstancia, unida á lei de protección da intimidade que non autoriza a consultar ningún expediente se non transcorreron 50 anos desde a súa conclusión, provocou que mesmo no ano 2018 aínda haxa expedientes de depuración de mestres/as inaccesibles á investigación.



Na práctica, aínda houbo mestres e mestras que tiveron que agardar ata a promulgación da Lei de amnistía de 1977 para solicitar a súa reincorporación.

### **Xustiza e escrupulosidade das comisións depuratoras**

Lembraba Pemán na Circular do 7/12/1936 aos membros das comisións depuratoras que “la perspectiva del resurgir de una España mejor de la que hemos venido contemplando estos años, está en razón directa de la justicia y escrupulosidad que pongan en la depuración del Magisterio”. Pode afirmarse que estes dous criterios foron os que conformaron a súa actuación?

As comisións depuratoras foron nomeadas pola Xunta Técnica do Estado, radicada en Burgos, desde principios de decembro de 1936. A súa presidencia correspondía ao director do Instituto de Segunda Ensinanza da provincia, e formaban parte dela un secretario e tres vogais, entre os que se atopaban un inspector de Primeira Ensinanza, o presidente da Asociación de Pais de Familia e dúas persoas de máximo arraigamento e solvencia moral e técnica, todos eles nomeados polo gobernador civil e sen dereito a renuncia.

O predominio de católicos e/ou falanxistas entre os seus compoñentes, así como a ideoloxía dos que foron nomeados no transcurso dos anos en que se demorou o proceso, é un interesante indicador da correlación de forzas existente en cada provincia entre as distintas correntes que sustentaban o golpe militar. Aínda que as comisións depuraban indistintamente mestres ou mestras, chama a atención a escasa presenza de mulleres entre os seus compoñentes, reducida a algunha inspectora, directora de Normal ou mestra destinada a tarefas administrativas, cando non é nula, como sucede en numerosas provincias.

Unha vez constituída a Comisión, solicitaba os preceptivos informes sobre a conduta de cada mestre/a emitidos polo alcalde, o párroco, a Garda Civil e un pai de familia respectable da poboación en que radicaba a escola do/a expedientado/a. Ao mesmo tempo, estaban autorizados a dirixirse a calquera persoa, institución, centro ou autoridade para solicitaren a información que considerasen necesaria; adoitaban solicitala ao SEM, o Servizo de Información de Falanxe, os habilitados do maxisterio, as xuntas electorais... A esta información engadíase a emitida voluntariamente por persoas particulares, mesmo de maneira anónima. Destacaría o caso de Burgos, onde se lle remitiron á Comisión Depuradora informes desde a Reitoría da Universidade de Valladolid (á que pertencía Burgos), do Consello Escolar de Primeira Ensinanza de Burgos capital, da Asociación de Amigos das Escolas Anexas, da dirección da Escola Normal, do Goberno Civil, da Sección Administrativa de Primeira Ensinanza— que incluía ficheiros coas follas de servizo dos mestres e mestras— e da Inspección de Ensino Primario.<sup>19</sup>

Examinada a documentación, a Comisión podía ben propor a confirmación no cargo do mestre, ou a súa habilitación no caso de que non ocupara unha praza en propiedade, e o

---

<sup>19</sup> Jesús e José Crespo Redondo, José Luís Sainz Casado e Carlos Pérez Manrique, *Purga de maestros en la guerra civil. La depuración del magisterio nacional en la provincia de Burgos* (Valladolid: Ámbito, 1987), 106-108.

expediente de depuración ficaba concluído, ben formular o prego de cargos, se consideraba que dos informes ou denuncias se podía deducir algunha sanción, co que continuaba aberto o expediente. Un prego de cargos que se enviaba ao mestre para que, nun prazo de dez días, puidese presentar os descargos e achegar a documentación e os avais que demostrasen a súa inocencia. Unha vez examinado o conxunto do expediente, a comisión, tras deliberar e redactar unha acta, remitiría a súa proposta de resolución á Comisión de Cultura e Ensino, que resolvería definitivamente confirmando no cargo o/a mestre/a ou aplicando a sanción de traslado –fóra ou dentro da provincia–, separación definitiva ou separación temporal do servizo.

O traslado será para aqueles que “siendo profesional y moralmente intachables, hayan simpatizado con los titulados Partidos nacionalistas vasco, catalán, navarro, gallego, etc., sin haber tenido participación directa ni indirecta con la subversión comunista-separatista”, e a separación do servizo para todos os que militasen en “los Partidos del ‘Frente Popular’ o Sociedades Secretas” e “los que perteneciendo o no a estas agrupaciones hayan simpatizado con ellas en su enseñanza o actuaciones profesionales en el mismo sentido disolvente que las informa”. A “libre absolución” será para aqueles que “puestos en entredicho hayan desvanecido los cargos de haber cooperado directa o indirectamente a la formación del ambiente revolucionario”.

Como pode advertirse coa descrición das sancións e os cargos correspondentes, estes podían ser de carácter político –abarcarían desde os relacionados directamente coa militancia do mestre en organizacións, partidos ou sindicatos republicanos ata os de votar presuntamente ás candidaturas da Fronte Popular–, profesional, relixioso ou moral, aos que se unen outros relacionados coa pertenza á masonaría, pertenza, defensa ou colaboración co exército republicano ou abandono do posto de traballo.

Os mestres e as mestras que foron sancionados na que denominamos primeira fase non tiveron ocasión de recorrer as resolucións ata a creación da Comisión Superior Ditaminadora, primeiro, e do Xulgado Superior de Revisións, despois. Organismos que rectificarían ou ratificarían as resolucións da comisión provincial, de modo que prolongaron o proceso, mediante sucesivos recursos, durante décadas, creando un estado de incerteza e indefensión entre os sancionados que contribuía a manter viva a violencia política exercida sobre eles.

### **Os resultados da depuración: un traballo de Hércules**

A piques de finalizar a segunda década do século XXI, superan o cento as investigacións sobre a depuración franquista do maxisterio primario publicadas nos trinta anos transcorridos desde as pioneiras que viron a luz nos 80.<sup>20</sup>

---

<sup>20</sup> Para o estudo da depuración do maxisterio nacional remitimos á excelente bibliografía de José Luís Hernández Huerta, “La represión franquista de la enseñanza. Fuentes y bibliografía (1975-2007)”, *Papeles Salmantinos de Educación*, n.º 11 (2008): 231-266. Engadimos as publicacións que viron a luz desde entón, pero consideramos que as persoas interesadas poden consultar este artigo en <http://summa.upsa.es/details.vm?q=parent%3A0000029446&lang=é&t=-modification&s=7>.

Esta proliferación de estudos non permite, porén, a construción dun mapa que nos achegue ao alcance real das súas consecuencias en todo o Estado español, porque dificilmente se poden establecer comparacións, desde o punto de vista cuantitativo, que poidan considerarse relevantes por mor das dificultades inherentes á variedade de espazos, fontes documentais e variables consideradas.

Desde unha ollada territorial atopamos as de ámbito local –as máis exhaustivas e cuxos datos se aproximan máis ás consecuencias finais–, seguidas das comarcais e provinciais –as máis frecuentes–. Que abarque todo o territorio estatal só existe a pioneira e de referencia obrigada de Morente Valero<sup>21</sup>, baseada en inferencias sobre mostras, cuxos datos, coa realización paulatina de estudos provinciais, deben ser relativizados.

Respecto das fontes, nun primeiro momento utilizáronse unicamente as listaxes publicadas nos boletíns do Estado, do Ministerio de Educación Nacional ou nos boletíns provinciais, o que permitía establecer un achegamento cuantitativo bastante aproximado á realidade, pero que impedía calquera tipo de análise cualitativa. A consulta dos expedientes de depuración custodiados no Arquivo Xeral da Administración en Alcalá de Henares, a pesar das dificultades legais, abriu un campo inmenso de posibilidades ao permitir non só aquilatar os resultados finais, senón contemplar e analizar os cargos aducidos para as sancións ou absolucións, así como todo o proceso depurador: denuncias, avais, defensas, sucesivos recursos... Os estudos que utilizaron esta fonte presentan, por tanto, unha maior riqueza de datos e posibilidades de análises que os primeiros.<sup>22</sup>

Tampouco existe unanimidade na determinación do momento en que se considera que a resolución é definitiva, e a partir do cal se computan as sancións e os sancionados. E esta non é unha cuestión menor porque, sobre todo nas provincias en que as primeiras listaxes se publicaron en agosto de 1936, os recursos foron numerosos e prolongáronse durante décadas, de modo que, en numerosas ocasións, a sanción inicial variou. A data que se estableza como final pode facer variar de maneira relevante non tanto a porcentaxe de sancionados como a tipoloxía de sancións impostas.

No que atinxe ás variables ou categorías recollidas, a diversidade é manifesta. Algúns desagregan as resolucións diferenciando a gravidade das sancións,<sup>23</sup> outros poñen o acento na variable xénero, separando e comparando as resolucións recaídas en mestres

<sup>21</sup> Francisco Morente Valero, *La escuela y el Estado Nuevo. La depuración del Magisterio Nacional (1936-1943)* (Valladolid: Ámbito, 1997)

<sup>22</sup> Os documentos utilizados dependen tamén do momento en que comeza o proceso depurador. Nas provincias que caeron en zona franquista desde o primeiro momento cómpre analizar as sucesivas listaxes emanadas das autoridades militares, gubernativas, reitorais..., anteriores á constitución das comisións. Algúns autores puideron consultar as actas das comisións depuradoras e os expedientes previos custodiados nos arquivos de institutos, escolas normais ou universidades en que se reuniron as comisións depuradoras

<sup>23</sup> Realizar estudos comparativos é complicado, xa que a variedade de sancións é tal que a súa simplificación fai perder riqueza na valoración dos resultados. Por exemplo, a sanción de suspensión ou inhabilitación temporal pode ser de duración variable (meses, anos...), acompañada –ou non– de perda de soldo, con inhabilitación –ou non– para o exercicio de cargos directivos. A este feito debe engadirse que as sancións adoitan ser acumulativas, polo que a sistematización dos datos sempre pechará de reduccionismo.

ou mestras e os cargos rexistrados nun e noutro caso. A idade, o carácter rural ou urbano, a formación do maxisterio –Plano profesional, Plano Bergamín–, a antigüidade no cargo, a militancia política ou sindical... son variables que non se consideran en todos os casos, co que se limita a posibilidade de enunciación de conclusións de carácter xeral.

A todos estes factores, que obedecen a razóns metodolóxicas, debe engadirse un factor intrínseco ao propio proceso: aínda que a lexislación sexa idéntica en todo o Estado, os criterios foron aplicados con suma arbitrariedade por parte das comisións depuratoras, que para idénticos cargos propuxeron sancións moi diversas. Sirva como mostra que mentres a comisión 1 de Valencia sancionou a un 19,72%, a comisión 2 fíxoo a un 31,96%. A diferenza é tan evidente que mesmo desde a Comisión Superior de Madrid se considera que a C1 é demasiado benévola: “¡Qué quiere esta comisión de Valencia para separar! Marxista y peligrosa. Esta Comisión está muy débil en todos los expedientes. Había que destituirla o darle un voto de censura”.<sup>24</sup>

Morente Valero publicou en 2001<sup>25</sup> un primeiro estudo en que comparaba os resultados obtidos en dezasete investigacións: cinco de autores diferentes e doce máis utilizando os seus propios datos. De maneira sucesiva, baseándose nas achegas de Morente e comparándoas coas súas propias investigacións, viron a luz os de Dueñas e Grimau que engaden Segovia (2004),<sup>26</sup> Vázquez e García que inclúen Cáceres (2008),<sup>27</sup> Reyes e De Paz sobre dezaseis provincias e Huelva (2009)<sup>28</sup> e Vilanova que reduce a mostra a catorce e engade Castellón (2015).<sup>29</sup> Ramos (2006),<sup>30</sup> pola súa banda, realizou unha comparación entre os datos por ela obtidos para Castela-A Mancha e os de Cataluña, País Vasco, Valencia e Burgos, ademais dos proporcionados por Morente. Tales comparacións tentan establecer a existencia de trazos comúns entre as depuracións padecidas en diferentes provincias, aínda que as súas afirmacións, contraditorias nalgúns casos, deben ser cuestionadas porque a aparición de estudos posteriores de carácter exhaustivo provocou que varíen os resultados expostos.

Estes factores de carácter metodolóxico condicionan a lectura dos resultados das investigacións e fan que relativicemos as nosas propias afirmacións a falta dunha maior concreción de datos. A pesar destes obstáculos, nun intento de expor o estado da cuestión para efectos puramente ilustrativos, sen afán de exhaustividade e a modo de marco en que

<sup>24</sup> Juan Manuel Fernández Soria e María del Carmen Agulló Díaz, *Maestros valencianos bajo el franquismo: la depuración del Magisterio, 1939-1944* (València: Institució Alfons el Magnànim, 1999), 157

<sup>25</sup> Francisco Morente Valero, “La depuración franquista del magisterio público. Un estado de la cuestión”, *Hispania*, n.º 208 (2001): 661-668.

<sup>26</sup> De Dueñas Díez e Grimau Martínez, *La represión franquista de la enseñanza en Segovia*.

<sup>27</sup> Vázquez Calvo e García Jiménez, *La depuración de la Enseñanza Primaria en la provincia de Cáceres*.

<sup>28</sup> Reyes Santana e De Paz Sánchez, *La represión del magisterio republicano en la provincia de Huelva*, 533 e ss.

<sup>29</sup> Víctor Vilanova Candau, *La educación durante la IIª República, la guerra civil y el primer franquismo en las comarcas de Castelló. La depuración del Magisterio*, tese de doutoramento dirixida pola Dra. Rosa Monlleó, Universitat Jaume I, Castellón, 2015. Nas provincias de Cáceres e Castellón só se realizan comparacións cos datos de Morente.

<sup>30</sup> Sara Ramos Zamora, “Control y represión. Estudio comparado de los resultados de la depuración del magisterio primario en España”, *Revista Complutense de Educación*, n.º 1 (2006): 169-182.

poidan, con todas as limitacións posibles, situarse os estudos que, sobre Galicia, son obxecto deste monográfico, exporemos os resultados que achegaron os estudos realizados ata agora seguindo o criterio xeral do marco espacial da provincia.<sup>31</sup> O feito de que empregasen unha maior ou menor cantidade de fontes documentais, que cresen oportuno introducir unhas ou outras variables ou que presenten datos inéditos, permitirán que fagamos uso ou non deles en sucesivas análises. Os estudos que analizaremos son os que nos proporcionan datos de 35 provincias: Alacante,<sup>32</sup> Albacete,<sup>33</sup> Almería,<sup>34</sup> Asturias,<sup>35</sup> Ávila,<sup>36</sup> Barcelona,<sup>37</sup> Biscaia,<sup>38</sup> Burgos,<sup>39</sup> Cáceres,<sup>40</sup> Cádiz,<sup>41</sup> Castellón,<sup>42</sup> Cidade Real,<sup>43</sup> Cuenca,<sup>44</sup> Guadalaxara,<sup>45</sup> Huelva,<sup>46</sup>

<sup>31</sup> Seguindo o criterio do marco provincial, deixamos fóra do noso estudo as investigacións realizadas sobre cidades, como a de M.<sup>ª</sup> del Campo Pozo Fernández, *La Depuración del Magisterio Nacional en la ciudad de Málaga (1937-1942)* (Málaga: Diputación Provincial de Málaga, 2001), ou os que teñen como marco espacial a comarca, caso do realizado por Wilson Ferrús, *Mestres de la República a l'Horta Sud. Il·lusions trencades, vides partides* (Catarroja: IDECO, 2014) ou por Juan Manuel Fernández Soria e M.<sup>ª</sup> Carmen Agulló Díaz sobre diferentes comarcas valencianas.

<sup>32</sup> Isabel Domènech Jiménez, *Las maestras de la guerra civil y el primer franquismo en la provincia de Alicante*, tese de doutoramento dirixida pola Dra. Mónica Moreno Seco, Alacante, 2016.

<sup>33</sup> Sara Ramos Zamora, *La depuración del Magisterio de primera enseñanza de Castilla-La Mancha (1936-1945)*, tese de doutoramento dirixida polo Dr. Julio Ruiz Berrio, Universidad Complutense de Madrid, 2004; *La represión del magisterio: Castilla-La Mancha (1936-1945)* (Cidade Real: Ed. Almud, 2006). Sobre Albacete, consúltese Julia Gallego Lorenzo, *La depuración de los maestros durante la Guerra Civil española en la provincia de Albacete: trabajo de investigación* (Albacete: J. Galego, 1996); Manuel Ortiz Heras, "La depuración del magisterio en la provincia de Albacete. El lenguaje de los expedientes de depuración", en *La universidad española bajo el régimen de Franco (1939-1975)*. Actas, ed. Carreras Ares e Ruiz Carnicer (Zaragoza: Institución Fernando El Católico, 1991), 237-255.

<sup>34</sup> Antonio Sánchez Cañadas, *Memoria y dignidad. Depuración y represión del Magisterio almeriense durante la Dictadura del general Franco* (Sevilla: Ed. Corduba, 2007).

<sup>35</sup> Borque López, *La represión violenta contra los maestros republicanos en Asturias*. Tamén Jorge Uría, "La depuración de maestros asturianos en los años 40", *Andecha pedagógica*, nº 12 (1984): 9-11.

<sup>36</sup> Enrique Berzal de la Rosa, *Muerte y represión en el magisterio de Castilla y León* (Valderas, León: Fundación Veintisiete de Marzo, 2010).

<sup>37</sup> Francisco Morente Valero, *Tradición y represión: la depuración del Magisterio en Barcelona (1939-1942)* (Barcelona: PPU, 1996). Tamén pode consultarse Josep González Agábito e Salomó Marqués, *La repressió del professorat a Catalunya sota el franquisme (1939-1943)* (Barcelona: Institut d'Estudis Catalans, 1996).

<sup>38</sup> Maitane Ostolaza Esnal, *El garrote de la depuración. Maestros vascos en la guerra civil y el primer franquismo (1936-1945)* (Donostia: Ibaeta Pedagogía, 1996).

<sup>39</sup> Crespo Redondo, Sainz Casado e Pérez Manrique, *Purga de maestros*

<sup>40</sup> Vázquez Calvo e García Jiménez, *La depuración de la Enseñanza Primaria en la provincia de Cáceres*.

<sup>41</sup> José Aquiles Pettenghi Lachambre, *La escuela derrotada: depuración y represión del magisterio en la provincia de Cádiz (1936-1945)* (Cádiz: Quórum Libros, 2005).

<sup>42</sup> Vilanova Candau, *La educación durante la IIª República*.

<sup>43</sup> Ramos Zamora, *La depuración del Magisterio de primera enseñanza de Castilla-La Mancha*. Véxase tamén M.<sup>ª</sup> Sol Benito Santos, "La depuración del Magisterio en la provincia de Ciudad Real tras la guerra civil. Los expedientes de depuración", en *La guerra civil en Castilla-La Mancha, 70 años después: actas del Congreso Internacional*, ed. Francisco Alía Miranda, Ángel Ramón del Valle Calzado e Olga M. Morais Encinas (Cuenca: Ed. Universidad de Castilla-La Mancha, 2008): 1661-1676.

<sup>44</sup> Ramos Zamora, *La depuración del Magisterio de primera enseñanza de Castilla-La Mancha*.

<sup>45</sup> *Ibidem*, así como Amparo Pont Sastre, *El magisterio en la provincia de Guadalajara (1931-1940): depuración y represión* (Alcalá de Henares: Universidad de Alcalá, Servicio Publicaciones, 2006).

<sup>46</sup> Reyes Santana e De Paz Sánchez, *La represión del magisterio republicano en la provincia de Huelva*.

Huesca,<sup>47</sup> León,<sup>48</sup> Lleida,<sup>49</sup> Murcia,<sup>50</sup> Navarra,<sup>51</sup> Palencia,<sup>52</sup> Salamanca,<sup>53</sup> Santander,<sup>54</sup> Segovia,<sup>55</sup> Soria,<sup>56</sup> Tarragona,<sup>57</sup> Tenerife,<sup>58</sup> Teruel,<sup>59</sup> Toledo,<sup>60</sup> Valencia,<sup>61</sup> Valladolid<sup>62</sup> e Xiro-

<sup>47</sup> José María Nasarre López, "Depuración de maestros en la provincia de Huesca", en *La universidad española bajo el régimen de Franco (1939-1975)*. Actas, ed. J. J. Carreras Ares e M. A. Ruiz Carnicer (Zaragoza: Institución Fernando el Católico, 1991): 213-235

<sup>48</sup> Wenceslao Álvarez Oblanca, *La represión de postguerra en León. Depuración de la enseñanza (1936-1943)*, (León: Santiago García Editor, 1986). Tamén Secundino Serrano Fernández e Wenceslao Álvarez Oblanca, "La represión ideológica: las depuraciones en Tierras de León", *Revista de la Diputación Provincial*, nº 67 (1987): 87-96, e Berzal de la Rosa, *Muerte y represión en el magisterio de Castilla y León*.

<sup>49</sup> Morente Valero, "La depuración franquista"; González Agápito e Marqués, *La repressió del professorat*.

<sup>50</sup> Ramón Jiménez Madrid, *La depuración de maestros en Murcia, 1939-1942 (primeros papeles)* (Murcia: Servicio de Publicaciones, Universidad de Murcia, 1997).

<sup>51</sup> Reyes Berrueto Albéniz, *Política educativa en Navarra, 1931-1939*, (Pamplona: Gobierno de Navarra, 1991). Tamén A. Pascual Bonis, "La represión del Magisterio Navarro durante la guerra civil", en *Euskal Herriaren Historiari buruzko Biltzara = Congreso de Historia de Euskal Herria / II Congreso Mundial Vasco, Congreso de Historia de Euskal Herria* (Vitoria-Gasteiz: Servicio Central de Publicaciones del Gobierno Vasco, T. VI, 1988):153-166.

<sup>52</sup> Eufemio Lorenzo Sanz, *Represión y depuración de los maestros de la provincia de Palencia en la guerra civil. De los anhelos republicanos a la resignación en el franquismo* (Palencia: Institución Tello Téllez de Meneses-Instituto de Investigaciones Antropológicas de Castilla y León, 2014) e Carmen García Colmenares, *La represión del magisterio en Palencia. Los hilos de la memoria* (Palencia: Asociación para la Recuperación de la Memoria Histórica, 2009).

<sup>53</sup> Berzal de la Rosa, *Muerte y represión en el magisterio*. O artigo de Antonio García Madrid, "La depuración del magisterio nacional en la provincia de Salamanca. Avance de estudio", *Papeles Salmantinos de Educación*, nº 4 (2005): 137-189, non proporciona datos cuantitativos. En breve aparecerá un estudo completo deste autor sobre a depuración do maxisterio de Salamanca.

<sup>54</sup> Enrique Gudín de la Lama, Jesús Gutiérrez Flores, Fernando Obregón Goyarrola e Enrique Menéndez Criado, "La depuración franquista del profesorado cántabro durante la guerra civil", *Historia Actual Online*, nº 30 (2013): 53-68. Os propios autores recoñecen que 223 mestres non presentaron a solicitude de reposición ante a Comisión Depuradora o que representa un 8% do total do maxisterio cántabro, circunstancia que, unida ao número elevado de membros do maxisterio fusilados ou paseados, incrementaría bastante a porcentaxe real de sancionados, que podería aproximarse facilmente ao 24% da media. Ante esta circunstancia non incluímos estes datos no cómputo xeral.

<sup>55</sup> De Dueñas Díez e Grimau Martínez, *La represión franquista de la enseñanza en Segovia*.

<sup>56</sup> Carlos de Pablo Lobo, "La depuración del magisterio primario en la provincia de Soria", *Revista de Soria*, nº 47 (2004): 113-122.

<sup>57</sup> Morente Valero, "La depuración franquista"; González Agápito e Marqués, *La repressió del professorat*.

<sup>58</sup> José Hernández Hernández, "La represión franquista". Os datos deben ser considerados con cautela porque son o resultado da depuración previa á efectuada pola Comisión depuradora D.

<sup>59</sup> Pilar Abós Olivares (coord.) *Franquismo y magisterio. Represión y depuración de maestros en la provincia de Teruel* (Zaragoza: Pressas de la Universidad de Zaragoza, Instituto de Estudios Turoenses, 2016). O estudo está feito sobre 607 expedientes dun total de 711 mestres e mestras, polo que os datos deben relativizarse. Incluímoslos como referencia, pero non os consideraremos no cómputo global.

<sup>60</sup> Ramos Zamora, *La depuración del magisterio*. Tamén A. Jiménez de la Cruz, *La depuración de los maestros en el franquismo: el caso de Toledo* (Oliás del Rey (Toledo): Yelmo, 2003).

<sup>61</sup> Juan Manuel Fernández Soria e M.ª del Carmen Agulló Díaz, *Maestros valencianos bajo el franquismo*.

<sup>62</sup> M.ª Jesús Izquierdo García, *Pizarras vacías: la represión de los docentes en Valladolid durante la Guerra Civil y el primer franquismo* (Valladolid: Universidad de Valladolid, 2015).

na.<sup>63</sup> Os datos correspondentes ás provincias de Barcelona, Granada, Lleida, Madrid, Sevilla, Tarragona e Xirona corresponden ao artigo de Morente Valero.<sup>64</sup>

**Taboa 1. Porcentaxe de mestres/as sancionados/as(A), separados/as (B) e trasladados/as (C)**

Provincia	A	B	C	Provincia	A	B	C
Alacant	26,2			León	21,25		
Albacete	30,89	7,61	12,61	Lleida	23,27	4,65	10,2
Almería	18,72	9	7,4	Madrid	27,84	14,05	8,01
Asturias	33,36	16,54	12,53	Murcia	24,47	6,51	6,72
Ávila	25			Navarra	24,59	6,75	5,81
Barcelona	29,38	15,46	11	Palencia	27	4,7	10
Biscaia	29,83	7,71	15,21	Salamanca	19		
Burgos	22,36	8,96	7,95	Santander	16,3		
Cáceres	25,63	3		Segovia	28,55	7,5	11,4
Cádiz	16,61	6,49		Sevilla	13,11	3,56	6,77
Castellón	19,33	1,72	7,99	Tarragona	22,11	8,44	9,31
Cidade Real	18,3	4,15		Tenerife	31,7	5,1	
Cuenca	26,61	7	6,54	Teruel	31	2	
Guipúscoa	25,28	11,31	12,42	Toledo	22,68	10,41	6,18
Granada	17,41	8,21	5,12	Valencia	27,9	7,96	10,57
Guadalaxara	20,95	10,13	7,29	Valladolid	21,26		
Huelva	30,54	10,57	5,7	Xirona	28,22	11,12	7
Huesca	14,4	3,42	6'01				

Fonte: Elaboración propia a partir das obras citadas. Incluímos os correspondentes a Santander, Tenerife e Teruel, mais non os computamos polas particularidades que presentan.

<sup>63</sup> Morente Valero, “La depuración franquista”. Véxase tamén Salomé Marqués Sureda, *L'escola pública durant el franquisme. La provincia de Girona (1939-1955)* (Barcelona: PPU, 1993) e “La repressió en el magisteri gironí (1939-1949)”, *Butlletí de la Societat Catalana de Pedagogia*, nº 1 (1988): 17-48; González Agápito e Marqués, *La repressió del professorat...*

<sup>64</sup> Francisco Morente Valero, “La depuración franquista”.

Como indica Sara Ramos (“Control y represión”: 167), un caso que cómpre mencionar é o das discrepancias existentes nos estudos sobre Cataluña. Así, mentres Morente Valero (“La depuración franquista”: 682) eleva a máis do 70% o grupo de docentes habilitados nas provincias de Tarragona (77,98%), Xirona (71,78%) e Lleida (76,73%), e ao 69,21% na provincia de Barcelona, Marqués Sureda e González Agapito (77-87) consideran que non superou en ningunha provincia o 30%: 6,10% en Barcelona, 19,30% en Tarragona, 22,90% en Xirona e 13,90% en Lleida. Nós utilizamos os datos de Morente Valero por seren posteriores e estaren baseados nunha maior cantidade de expedientes.



A primeira constatación fai referencia aos resultados da depuración no seu conxunto. Segundo os datos analizados, a porcentaxe de sancionados situaríase ao redor do 24% do maxisterio, polo que un 76% sería confirmado no cargo. Unha cifra que concorda en gran parte coas proporcionadas ata agora polos diferentes estudos de carácter xeral, que sitúan nun 25% os sancionados, é dicir, un de cada catro mestres recibiu algún tipo de sanción. Este resultado reafírmanos na idea da minoritaria identificación do maxisterio coa innovadora política educativa republicana, fenómeno que se reproduce de maneira reiterada en todas as etapas de renovación pedagóxica da nosa historia. A afiliación a sindicatos, a militancia en partidos ou a pertenza a asociacións de renovación pedagóxica foi, mesmo na etapa republicana, minoritaria e polarizada –as asociacións de carácter católico ou conservador e os partidos de dereitas tiveron destacados representantes entre os docentes–, o que nos leva a concluír que a acomodación a prácticas rutineiras adoita predominar entre o maxisterio, o cal conforma un corpo docente maioritariamente acomodaticio, con minorías e vangardas comprometidas que serán obxecto de sanción.

Respecto ao criterio mencionado en estudos previos verbo da influencia nas sancións do tempo en que cada provincia permaneceu leal á República, é dicir, se o ter permanecido desde os primeiros momentos da sublevación franquista en terreo sublevado agravou as sancións, ou se, pola contra, foron aquelas provincias que caeron nos últimos momentos as máis sancionadas, un achegamento ás porcentaxes globais de sancionados en cada provincia non nos permite realizar conclusión ningunha de carácter xeral.

Se establecemos unha porcentaxe do 24% de sancionados, hai provincias das que caeron en zona franquista nos primeiros meses que a superan amplamente, como serían as de Asturias (33,36%), Huelva (30,54%) ou Biscaia (29,83%), mentres que Albacete (30,89%), Barcelona (29,38%), Xirona (28,22%) ou Segovia (28,55%), que permaneceron republicanas ata febreiro-marzo de 1939, tamén o superan.

Por outra banda, entre as menos sancionadas atópanse as de Sevilla (13,11%), Huesca (14,40%), Cádiz (16,61%) ou Granada (17,41%), franquistas desde moi pronto, mentres que Almería (18,72%), Castellón (19,33%) ou Cidade Real (18,30%), con porcentaxes tamén baixas, serían das últimas en caer. Todo iso nos leva a afirmar que a incidencia deste factor non se valida cos datos de que dispomos.

Se agrupamos as provincias en función da intensidade das sancións, os resultados son escasamente indicativos da existencia de factores comúns que as motivasen. Como apuntamos, os sancionados situáronse nunha media do 24%, que foi superada amplamente nas provincias de Asturias (33,36%), Albacete (30,98%) Barcelona (29,38%) e Huelva (30,5%). Entre elas non atopamos trazos comúns que poidan explicar este elevado índice de sancións. Idéntica afirmación pode aplicarse ás menos sancionadas: Sevilla (13,11%), Huesca (14,40%), Cádiz (16,6%) e Granada (17,41%).

Cabe falar, por tanto, de circunstancias particulares en cada unha delas que explicarían a maior ou menor dureza das sancións. Alén de factores como os relacionados cos



antecedentes revolucionarios ocorridos en 1934 –o caso de Asturias–, a forza do nacionalismo en Barcelona, ou o compromiso de esquerdas de Albacete, coincidiríamos na apreciación de Gudín, Gutiérrez, Obregón e Menéndez cando afirman que é innegable a importancia do compoñente persoal do proceso depurador: “los maestros, las comisiones, los que emitieron los informes políticos, sociales, religiosos, de los maestros, formaban parte de aquella pequeña sociedad en que todos conocían a todos –ignorar este punto equivaldría a menospreciar la realidad–, y en los juicios y decisiones que se tomaron tuvieron más que ver el roce diario entre unos y otros que alguno de los ‘grandes valores’ que se dirimían en aquellos días.”<sup>65</sup>

Ora ben, se analizamos a distribución dos diferentes tipos de sancións, entre aquelas provincias con maiores porcentaxes de sancionados coa expulsión e a baixa na escala, si que poderíamos apuntar a característica común do nacionalismo, xa que foron separados un total do 15,46% en Barcelona, 11,12% en Xirona e un 11,31% en Guipúscoa. A segunda máis castigada, Madrid, (14,05%), pode deber a súa crueza a ser a capital do Estado e concentrarse nela gran número de mestres/as con acceso a postos directivos de importancia.

Respecto da sanción de traslado dentro ou fóra da provincia son escasos os datos dos que dispomos, xa que na maioría dos estudos ambas as categorías non se separan. Así e todo, salientan Biscaia (15,21%), Guipúscoa (12,42%), e Barcelona (11%), datos que se apoiarían tamén no compoñente nacionalista que tenta desarraigir o maxisterio das zonas en que poderían ter unha maior influencia. Os casos de Albacete (12,61%), Asturias (12,53%), Segovia (11,4%) ou Valencia (10,57%) poden ser explicados por razóns de enfrontamento cos patróns (caso de Asturias) ou cos poderes locais, caciquís e eclesiásticos, nos restantes. Como argumenta Carmen García Colmenares, referíndose ao caso de Palencia: “mientras que los maestros vascos y gallegos de ideología nacionalista/separatista fueron desterrados profesionalmente a tierras castellanas, se trató de alejar lo más posible a aquellos maestros palentinos que fueron acusados de tener malas relaciones con el clero y otras autoridades locales, de haber tenido enfrentamientos y problemas en el pueblo”.<sup>66</sup>

Unha categoría recentemente incluída nos estudos, ausente en gran parte dos pioneiros, é a de xénero. Foi utilizada en 13 dos analizados, e en todos eles existe unha maior porcentaxe de sancionados entre os mestres que entre as mestras, cunha diferenza media dun 14%.

Destaca a gran cantidade de sancionadas en Xirona (25,43%) e Valencia (22,10%) fronte á escasa porcentaxe de Almería (9,7%), Castellón (13,74%) e Guadalaxara (14,65%), así como as diferenzas entre mestres e mestras dentro da mesma provincia. En Xirona ou Albacete hai un 31% e un 27% máis de mestres sancionados, mentres que en Cidade Real as sancións só afectaron a un 5% máis de homes.

<sup>65</sup> Gudín, Gutiérrez, Obregón e Menéndez, “La depuración franquista del profesorado cántabro”, 65.

<sup>66</sup> García Colmenares, *La represión del magisterio en Palencia*, 150.

**Taboa 2. Porcentaxe de mestres e mestras sancionados/as e separados/as**

Provincia	Sancionados/as		Separados/as	
	Mestres	Mestras	Mestres	Mestras
Alacante	32,2	19,2		4,47
Albacete	44,89	17,28	12,24	3,12
Almería	24,5	9,7	12,6	3,5
Cáceres	32	18,6	4,4	1,3
Castellón	25,94	13,74	2,8	0,79
Cidade Real	20,6	15,15	5,9	2,1
Cuenca	34,25	19,98	11,2	3,2
Guadalaxara	28,01	14,65	7,4	3
Huelva	34,15	15,99	19,92	3,48
Palencia	34,34	17,86	7,07	2,01
Toledo	30,37	15,32	13,29	5,44
Valencia	34,47	22,1	11,25	4,97
Xirona	56,62	25,43		

Os datos son porcentaxes de sancionados respecto ao total de mestres /as.

As sancións máis duras, caso da separación definitiva ou o traslado fóra da provincia, tamén se aplicaron a máis mestres que mestras, aínda que nalgunhas provincias, como Guadalaxara e Toledo, a separación afectou a máis do 5% do total de mestras. E en todas as categorías de cargos os mestres superan ás mestras, con excepción dos de carácter moral, nos que existiu un auténtico asañamento sobre elas, de maneira que houbo algunhas que foron condenadas unicamente por motivos que afectaban a súa vida persoal e familiar, ao seren acusadas de cargos como frecuentar a taberna ou o xogo, propagaren doutrinas anticonceptivas ou non estaren casadas. Ademais, foron obxecto de cualificativos como “liviás” e “lixeriras” que en ningún momento se aplicaron aos seus compañeiros homes.

O nacional-catolicismo tentaba recuperar e impor o modelo do anxo do fogar fronte á moderna cidadá republicana, polo que se castigaban aquelas condutas que constituían transgresións ao configurar unhas novas identidades femininas, próximas á muller independente e crítica, que había que desterrar. A esta acción claramente punitiva e preventiva contribuíron as mulleres que formaron parte das comisións depuradoras, firmes partidarias da volta ao modelo tradicional e que se converteron en axentes de represión do xénero, caso das inspectoras Francisca Montilla –CD de Huelva– ou Mariana Ruíz Vallecillo –CD1 de Valencia–.

As detalladas listaxes de cargos e as sancións impostas lévannos a reafirmarnos en que ser muller non eximía do castigo, unha idea que interesaba irradiar para que a po-boación asumise que “la justicia de Franco no hacía distincións, que llegaba a todas partes, especialmente allí donde la ‘degradación moral’ y la ‘desviación política’ atentaba contra las bases del nuevo orden”.<sup>67</sup>

Por último, cómpre mencionar que a categoría de prácticas de renovación pedagóxica –incluída dentro do apartado de cargos profesionais– non foi practicamente mencionada como causa de sanción, a pesar do seu manifesto interese para a historia da educación. Aínda que nas declaracións lexislativas e dogmáticas se condenou de maneira repetida e insistente a Institución Libre de Ensinanza, foino como introdutora de ideas disolventes, non desde unha perspectiva didáctica. E a repulsa cara ás doutrinas estranxeirizantes da Escola Nova non se traduce en sancións nas escasas ocasións que se menciona nos pregos de cargos.

Malia que Freinet sexa cualificado polo inspector Alfonso Iniesta Corredor –quen exerceu como tal nos anos republicanos en Ourense– como revolucionario, especialmente porque cuestiona a autoridade do mestre,<sup>68</sup> no seu estudo sobre os mestres freinetistas, Hernández Huerta afirma que “en ningún caso salíó a la luz que estos maestros fueron miembros o simpatizantes de la *Cooperativa española de la Imprenta en la Escuela*”<sup>69</sup>, e Alfred Ramos, no capítulo que dedica a analizar a depuración do maxisterio freinetista en Valencia, conclúe que a maior porcentaxe de sancionados que se dá no grupo, comparada co conxunto do maxisterio valenciano, non se debe tampouco ás súas prácticas freinetistas, senón á súa “alta militancia política i sindical, i el seu elevat compromiso social”.<sup>70</sup>

## Morreu de pé!<sup>71</sup>

Un factor escasamente recollido nas investigacións sobre a depuración, porque entra de cheo no ámbito da represión física, é o dos mestres e mestras “paseados”, fusilados ou mortos en prisión. Tratábase de “una depuración más radical, más injusta de quienes no estaban –por el motivo que fuese- con el régimen”.<sup>72</sup>

<sup>67</sup> Juan Manuel Fernández Soria e M<sup>ª</sup> da Carmen Agulló Díaz, “Depuración de maestras no franquismo”, *Studia historica*, nº 17, (1999): 270.

<sup>68</sup> “¿Por qué serán tan partidarios de sus sistemas todos los maestros revolucionarios, empezando por sus difusores en Francia? Porque, como todas las tendencias de este orden, el método preconiza la formación personal del niño, con su propio trabajo independiente de todo influjo del maestro, cuya autoridad apenas existe.” Alfonso Iniesta Corredor, *Garra marxista de la infancia* (Burgos: Hijos de Santiago Rodríguez, 1939?):56.

<sup>69</sup> José Luís Hernández Huerta, “La depuración franquista de los maestros freinetianos españoles de la década de 1930”, *Papeles Salmantinos de Educación*, nº 3 (2004): 359-373.

<sup>70</sup> Alfred Ramos, *Mestres da impremta. El moviment Freinet valencià (1931-1939)* (Castelló de la Plana: Universitat Jaume I-Càtedra Enric Soler i Godes, 2015), 413.

<sup>71</sup> Poesía de Placeres Castellanos en homenaxe ao seu marido Víctor Fraiz, mestre fusilado en Vigo. Elsa Quintas Albores, *Placeres Castellanos* (A Coruña: A Nosa Terra, 2008), 70.

<sup>72</sup> Gudín, Gutiérrez, Obregón e Menéndez, “La depuración franquista”, 53-68. Este estudo non se inclúe entre os analizados porque non proporciona datos de carácter cuantitativo, aínda que a información que achega é moi relevante.

En numerosas ocasións o asasinato dos mestres precedeu á súa depuración e mesmo esta non se realizou e non existen expedientes abertos, polo que non se puideron contabilizar nas cifras finais de sancionados. A nosa experiencia en Valencia revela que dos oito mestres fusilados na provincia, só a dous se lles abriu expediente de depuración, sen que os outros seis figuren como depurados nas resolucións finais das comisións nin do Xulgado de Revisións. A cifra non sería importante desde o punto de vista cuantitativo, aínda que si cualitativamente, porque aumentaría a porcentaxe daqueles que foron separados de maneira definitiva.

**Taboa 3. Mestres e mestras fusilados/as ou asasinados/as**

	Asasinados/as	Fusilados/as	Total	Homes	Mulleres
Asturias	45	48	93		
Ávila		18	18	16	2
Burgos			23	22	1
Cáceres		14	14		
Cádiz		26	26	24	2
Santander			39		
Huelva		23	23	22	1
Huesca <sup>73</sup>			35	32	3
León			36	35	1
Logroño			29	25	4
Palencia			21	17	4
Salamanca			16	14	2
Santander		39	39		
Segovia			17 ou 19		
Soria			12 ou 18		
Teruel			7 ou 11		
Toledo	7	6	13	11	2
Valladolid			8	7	1
Valencia		8	8		
Zamora			31	30	1
Zaragoza			42	39	3

Nalgúns estudos non se distingue entre mestres, profesores de escolas normais, de instituto e de universidade, polo que as cifras son máis elevadas.

<sup>73</sup> Os datos referentes a Huesca, Teruel e Zaragoza foron recollidos de Herminio Lafoz Rabazas, *Aniquilar la semilla de Caín. La represión del magisterio republicano* (Zaragoza: Universidad de Zaragoza, 2007).

Non temos constancia, na maioría dos estudos revisados, de se se incluíu este grupo tan importante de mestres e mestras nos cómputos finais, o que contribúe a relativizar as cifras definitivas. Sabemos que en Asturias a Falanxe se anticipou á sistematización da represión dos tribunais militares mediante os denominados “paseos”<sup>74</sup> ou que en Logroño, de onde aínda non coñecemos as cifras finais da depuración, aparecen como asasinados 29 mestres.<sup>75</sup> Algunhas cifras de que dispomos son as que aparecen na Táboa 3.

Entre a casuística dos fusilamentos ou execucións predominan as de carácter político e as vinganzas persoais. Pero talvez fose o perigo inherente ao propio oficio de mestre, de formar mentes críticas e persoas libres, a razón de fondo. Unha intencionalidade certamente inadmisíbel para o Novo Réxime e da que é moi consciente un mestre asturiano, quen, uns días antes de ser fusilado, escribe: “Queridos míos, me matan, y ¿por qué? ¿por mis ideas? No, pues nada de peligroso tienen estas. Simplemente por haber abierto las puertas de mi escuela para que la vida entrara en ellas”.<sup>76</sup>

### A modo de reflexión e invitación a continuar investigando

Un mar de datos, cifras e porcentaxes aléganos tras o repaso dos máis de cen estudos publicados ata o momento sobre a depuración do maxisterio primario. Pero, máis aló dunha aproximación ao tema desde unha perspectiva cuantitativa, fanse necesarias unhas reflexións a modo de invitación a continuar e perfeccionar os estudos existentes e comezar aqueles inexistentes.

Á luz dos devanditos estudos, podemos afirmar que, tal e como expresaba o lexislador franquista, desde os seus inicios a depuración do maxisterio foi un proceso de carácter político máis que profesional. O mestre foi perseguido pola súa militancia política. En todas as provincias os cargos máis esgrimidos son deste carácter, aínda que non nos atrevemos a afirmar que existan factores que expliquen de maneira clara as diferentes porcentaxes de sancionados ou confirmados en cada provincia, senón que a casuística de cada unha leva a unha maior ou menor intensidade.

A arbitrariedade converteríase nunha arma máis de represión. A iguais cargos as sancións impostas podían ser totalmente diferentes, provocando no maxisterio unha sensación de indefensión que favorecía o seu sometemento. Foi unha depuración claramente arbitraria e indiscriminada,<sup>77</sup> en que é difícil atopar elementos comúns que a expliquen, precisamente por este duplo carácter.

A situación política de cada provincia durante a guerra non parece influír de maneira determinante. O maxisterio primario das provincias que foron republicanas durante a guerra civil non foi máis castigado que o das provincias nacionais, mesmo pode afirmarse que, pola

<sup>74</sup> Borque López, *La represión violenta contra los maestros republicanos en Asturias*, 15.

<sup>75</sup> Jesús Vicente Aguirre González, *Aquí nunca pasó nada. La Rioja 1936* (Logroño: Ed. Ochoa, 2007), 922 e ss.

<sup>76</sup> Leonardo Borque López, *La represión violenta contra los maestros republicanos en Asturias*, 15.

<sup>77</sup> Juan Manuel Fernández Soria e M.<sup>ª</sup> del Carmen Agulló Díaz, “La depuración franquista del Magisterio primario”, *Historia de la Educación. Revista Interuniversitaria*, n.º 16 (1997): 315-350.

contra, sufriron unha maior represión aquelas que desde o principio caeron en mans dos sublevados, xa que aos resultados dos expedientes sancionadores habería que sumar os mestres e as mestras que foron fusilados, paseados ou fuxiron e non se lles abriu expediente.

A práctica da innovación educativa non parece que fose considerada un cargo grave por parte dos depuradores. Así e todo, sería interesante realizarmos outras investigacións que relacionasen as prácticas pedagóxicas innovadoras coas propostas da Escola Nova –Decroly, Dewey, Montessori– mencionadas nalgúns pregos de cargos.

A categoría xénero non aparece en gran parte dos estudos, pero os que a utilizan concordan que existe unha maior porcentaxe de mestres sancionados, e que os cargos morais teñen un especial peso entre mestras. A muller moderna, cidadá republicana, dona da súa vida, independente e crítica tiña que ser borrada da memoria. E as mestras republicanas eran un modelo vivo para as súas alumnas, sobre todo no ámbito rural. Por iso é polo que as súas condutas transgresoras no ámbito persoal foron máis duramente castigadas que as dos seus compañeiros mestres, que non cuestionaban ningunha identidade masculina. O nacional-catolicismo requiría mestras patrióticas e católicas, e todas aquelas que non se identificaban con este modelo tradicional foron expulsadas con todo rigor.<sup>78</sup>

A finalidade represiva e punitiva foi amplamente conseguida, apartando de forma radical do exercicio da docencia nas escolas públicas tanto os que defenderan como os que simplemente simpatizaran cos principios republicanos; principios educativos, e sobre todo políticos e sociais.

Pero a pesar de todas as sancións, da desaparición mesmo física do maxisterio republicano, identificado cos ideais dunha escola pública, laica, unificada, activa e solidaria, estes mestres e mestras convertéronse, como diría Celso Emilio Ferreiro, nas luces que acenderon e continúan acendendo mestres que son a alma da escola, comprometidos co cambio pedagóxico e social e, por iso, deben ocupar un lugar preferente na nosa memoria histórico-educativa:

“pode o corpo ser vencido  
pode o dereito ser torto  
mais ou lume que alampea  
ese xamais ou veredes morto”.<sup>79</sup>

---

<sup>78</sup> M.<sup>a</sup> del Carmen Agulló Díaz, *Mestres valencianes republicanes* (València: PUV, 2008).

<sup>79</sup> Celso Emilio Ferreiro, “Nota necrolóxica”, en *Cimiterio privado* (Xenevra: Edicions Rei Xordo, 1973).